

ACORDO DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FOMENTO DA DOAZÓN ALTRUÍSTA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS NO ÁMBITO DESTA UNIVERSIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) formalizou, o día 31 de xaneiro de 2025, coa Universidade da Coruña (UDC) o acordo de prórroga do convenio arriba referido, por un período de catro (4) anos adicionais con efectos a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura.

Que con data 03 de febreiro do 2021 a ADOS e a UDC, asinaron o convenio de colaboración para o fomento da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito desta universidade.

O convenio que agora se prorroga ten por obxecto establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a planificación e desenvolvemento das campañas de fomento de doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos no ámbito da UDC, co fin de contribuír a garantir a cobertura das necesidades hemoterápicas aos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, e a doazón de órganos e tecidos. Levando a cabo actividades: de promoción da campaña colectiva de doazón de sangue, órganos e tecidos nos centros docentes que forman a UDC, establecendo a periodicidade, os medios a utilizar e os compromisos de cada unha das partes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto do convenio prorrogado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.